Concello de Lugo

ICB/icb
Ref: informe-OOFF 2027
Asunto:

Firmado por: ***320*** - MANUEL LOUZAO ALDARIZ (FECHA: 2026-09-29 13:47:35.00) , ***118*** - ISABEL CARBONES BOSCH (FECHA: 2026-09-29 13:38:03.00)
CVD: v8AkcE5TDnBxdMVxpoEP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

INFORME DE FACENDA LOCAL

APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DE DETERMINADAS ORDENANZAS FISCAIS.

A aos efectos de dar cumprimento ao Decreto núm. 7191/2026, do 28 de agosto de 2026, tramítase o expediente para a modificación de determinadas Ordenanzas fiscais.

O expediente tramítase con arranxo ás disposicións contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais establece que a xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais realizarase ao abeiro do establecido na Lei Xeral Tributaria e nas demáis leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento, tendo as Entidades Locais a través das Ordenanzas Fiscais a capacidade de exercer a potestade regulamentaria en materia tributaria.

Esta potestade regulamentaria do Concello en materia de aprobación de ordenanzas ampárase no disposto nos artigos 4.1.a) e 106.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como nas normas procedimentais necesarias para a aprobación das ordenanzas fiscais que se conteñen nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Na data de 7/09/2026 a que informa neste intre emitiu informe co conforme da Asesoría Xurídica de data 8/09/2026 no que se estudaba a modificación da ordenanza fiscal xeral, (modificación do apartado 8 do artigo 24, regulador dos responsables), a modificación da ordenanza fiscal núm. 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (a supresión do apartado 10 do artigo 4º bis) e a modificación da ordenanza fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles (a supresión do apartado dous do artigo 4º, a modificación do parágrafo terceiro do artigo 5.1, a modificación do artigo 5.4, a modificación do parágrafo segundo do artigo 5.6 e modificación do artigo 5.7).

Na data de 09/09/2026 sometéronse ao ditame do Tribunal Económico Administrativo os proxectos de modificación da ordenanza fiscal xeral, da ordenanza fiscal núm. 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras e da ordenanza fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles e obras, da Ilma. Sra. María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa

MURALLA
patrimonio da humanidade

delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal de data 09/09/2026.

O Pleno do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo acordou na data 09/09/2026 ditaminar favorablemente o conxunto das modificacións propostas nas ordenanzas fiscais.

Na data de 10/09/2026, emitiuse informe xurídico da secretaría xeral do pleno en relación coa modificación das ordenanzas fiscais concluíndo o carácter favorable á tramitación das modificacións propostas.

Na data de 10/09/2026 o Interventor Muncipal emitiu informe no que se establecía que procedía a tramitación do expediente, en base aos informes que concluían o seu carácter favorable, debendo seguirse para a súa aprobación o procedemento recollido no apartado terceiro "Iter procedimental" do informe xurídico da secretaría xeral do pleno do 10/09/2026, facendo, entre outras, a seguinte observación: *" Sería convinte incluir na modificación do artigo 5.6 da Ordenanza de IBI que a bonificación terá efectos dende o período seguinte a aquel no que se efectúe a súa solicitude, sempre que se reunían os requisitos esixibles antes da devindicación do imposto, que se produce o 1 de xaneiro, como xa se recolle noutros apartados dese mesmo artigo"*

Os anteriores proxectos de modificación da ordenanza fiscal xeral e das ordenanzas fiscais nº 202 , 203 no foron sometidos á Xunta de Goberno Local, ao presentarse con posteoridade novas propostas de modificación da ordenanza fiscal num. 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecáncia, da ordenanza fiscal núm. 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, da ordenanza fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles, e da ordenanza fiscal núm. 204 reguladora do imposto sobre actividades económicas.

Recóllense a continuación os novos cambios propostos para a modificación das Ordenanzas fiscais.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 200 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Modificación do apartado 3 do artigo 4º.
Modificación do artigo 5º d) .

No artigo 4º. 3 e no artigo 5 d) da Ordenanza Fiscal núm. 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica establécese unha bonificación durante 3 anos, do 50% para os vehículos híbridos (con motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel, eléctrico-gas ou gasolina-gas) e do 75% para os vehículos de motor eléctrico e/ou emisións nulas, ou que utilicen esclusivamente como combustible biogás, gas natural, gas líquido, metano, metanol e hidróxeno,

establecéndose que as devanditas bonificacións terán efectos no ano da primeira matriculación e nos dous seguintes.

Increméntase o período de bonificación de tres exercicios a cinco exercicios a contar dende o ano da matriculación.

A actual redacción no sistema de cómputo dos exercicios de aplicación da bonificación en relación a data de presentación da solicitude crea confusión aos obrigados tributarios resultando convinte a modificación da redacción da letra d) do artigo 5º, clarificando que a bonificación ten efectos no exercicio da matriculación de solicitarse no mesmo ano. No caso de que a solicitude se presente con posterioridade ao exercicio da matriculacion ten efectos no exercicio seguinte da solicitude.

Todo elo en virtude dos artigos 12 e 95.6 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no que se establece a posibilidade de que as ordenanzas fiscais regulen sobre a cota do imposto, incrementada ou non dunha bonificación de ata o 75 por cento en función da clase de carburante que consuma o vehículo, en razón á incidencia da combustión do devandito carburante no medio ambiente e dunha bonificación de ata o 75 por cento en función das características dos motores dos vehículos e a súa incidencia no medio ambiente, regulándose os restantes aspectos substantivos e formais das bonificacións na ordenanza fiscal.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 203 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

1) Modificación do parágrafo segundo do artigo 5.6 da Ordenanza Fiscal núm. 203 Reguladora do imposto sobre bens inmobles.

Na data de 07/09/2026 emitiuse Informe- Proposta de modificación da Ordenanza Fiscal núm. 203 Reguladora do imposto sobre bens inmobles.

Entre outras propostas, aos efectos da mellora da xestión da bonificación prevista no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, pola que se regula unha bonificación do 95% na cota íntegra do imposto durante 3 anos, para aqueles inmobles nos que estean situadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, declaradas de interese ou utilidade municipal, propoñíase que a bonificación produza efectos desde o período seguinte a aquel no que se solicite, e non a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

Na data de 7/09/2026 a que subscribe neste intre emitiu infome co conforme da Asesoría Xurídica de data 8/09/2026 no que se estudaba entre outras modificacións

a modificación da ordenanza fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles (a modificación do parágrafo segundo do artigo 5.6).

Na data de 09/09/2026 someteuse ao ditame do Tribunal Económico Administrativo, entre outros proxectos, o proxecto de modificación da ordenanza fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles da Ilma. Sra. María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal de data 09/09/2026.

O Pleno do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo acordou na data 09/09/2026 ditaminar favorablemente o conxunto das modificacións propostas nas ordenanzas fiscais.

Na data de 10/09/2026, emitiuse informe xurídico da secretaría xeral do pleno en relación coa modificación das ordenanzas fiscais concluíndo o carácter favorable á tramitación das modificacións propostas.

Na data de 10/09/2026 o Interventor Municipal emitiu informe no que se establecía que procedía a tramitación do expediente, en base aos informes que concluían o seu carácter favorable, debendo seguirse para a súa aprobación o procedemento recollido no apartado terceiro “Iter procedimental” do informe xurídico da secretaría xeral do pleno do 10/09/2026, facendo, entre outras, a seguinte observación: *“ Sería convinte incluir na modificación do artigo 5.6 da Ordenanza de IBI que a bonificación terá efectos dende o período seguinte a aquel no que se efectúe a súa solicitude, sempre que se reunían os requisitos esixibles antes da devindicación do imposto, que se produce o 1 de xaneiro, como xa se recolle noutros apartados dese mesmo artigo”*

Procédese así a modificación do parágrafo segundo do artigo 5.6 da Ordenanza Fiscal núm. 203 Reguladora do imposto sobre bens inmobles para incluir a observación realizada polo Inteventor Municipal.

Todo elo en virtude do artigo 12 e do artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

2) Modificación do artigo 5º mediante o establecemento dun apartado oitavo.

Co obxecto de poder participar no protocolo “Doing Business Galicia” establécese unha nova bonificación no imposto sobre bens inmobles:

Visto o protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación de iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”.

Na cláusula segunda do devandito protocolo establécese que para que os concellos de Galicia poidan participar na iniciativa “Doing Business Galicia” deberán adoptar, entre outras medidas, a seguinte medida:

“ 1.- Imposto sobre bens inmobles*: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique a creación de emprego.*

Así mesmo establécese que en relación coa bonificación potestativa de ata o 95% no IBI para supostos declarados de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, estableceranse os seguintes tramos:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

As medidas de carácter fiscal comprometidas deberán manterse cando menos tres exercicios orzamentarios”

Especificándose na ordenanza fiscal os requisitos que determinan o concepto “implantación dunha nova actividade” e “ampliación das instalacións” e debido á dificultade da determinación do concepto “creación de emprego” especifícanse na ordenanza fiscal con detalle os requisitos para determinar que existe a devandia circunstancia. Así mesmo, e debido a especificidade da materia, encoméndase a comprobación dos requisitos ao Servizo de Desenvolvemento Local, en concreto dende o Cei Nodus, e de ser o caso, someter ao Excmo. Concello Pleno a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

Correspondendo ao servizo de Facenda Local a tramitación da correspondente bonificación e de non cumprirse os requisitos de mantemento do emprego durante o período de bonificación, a correspondente regularización tributaria.

Todo elo en virtude dos artigos 12 e 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais no que se establece que os concellos mediante ordenanza fiscal poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto sobre bens inmobles a favor dos inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá devandita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 203 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIONS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

Modificación do artigo 4º mediante o establecemento dun apartado dez.

Co obxecto de poder participar no protocolo “Doing Business Galicia” establécese unha nova bonificación no imposto sobre construcions, instalacións e obras.

Visto o protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación de iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”.

Na cláusula segunda do devandito protocolo establécese que para que os concellos de Galicia poidan participar na iniciativa “Doing Business Galicia” deberán adoptar, entre outras medidas, a seguinte medida:

“3.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras: *aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% para as construcións, instalacións, ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.*

Así mesmo establécese que en relación coa bonificación potestativa de ata o 95% no ICIO para supostos declarados de especial interese ou utilidade municipal por

concorrer circunstancias de fomento do emprego, estableceranse os seguintes tramos:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

As medidas de carácter fiscal comprometidas deberán manterse cando menos tres exercicios orzamentarios".

Especificándose na ordenanza fiscal os requisitos que determinan o concepto "implantación dunha nova actividade" "ampliación das instalacións" e debido á dificultade da determinación do concepto "creación de emprego" especifícanse na ordenanza fiscal con detalle os requisitos para determinar que existe a devandia circunstancia. Así mesmo, e debido a especificidade da materia, encoméndase a comprobación dos requisitos ao Servizo de Desenvolvemento Local, en concreto dende o Cei Nodus.

Correspondendo ao servizo de Facenda Local, someter ao Excmo. Concello Pleno a declaración de especial interese ou utilidade municial e a tramitación da correspondente bonificación e de non cumprirse os requisitos de creación de emprego a correspondente regularización tributaria.

Todo elo en virtude dos artigos 12 e 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no que se establece que os concellos mediante ordenanza fiscal poderán establecer unha bonificación de ata o 95 por cento sobre a cota do imposto sobre contrucións, instalacións e obras a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá devandita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo.

ORDENANZA FISCAL NUM. 204 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

Modificación do artigo 6º mediante o establecemento dun apartado segundo.

Co obxecto de poder participar no protocolo "Doing Business Galicia" establécese unha nova bonificación no imposto sobre construcions, instalacións e obras.

Visto o protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación de iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”.

Na cláusula segunda do devandito protocolo establécese que para que os concellos de Galicia poidan participar na iniciativa “Doing Business Galicia” deberán adoptar, entre outras medidas, a seguinte medida:

“2 - Imposto sobre actividades económicas: *aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego”*

Así mesmo establécese que en relación coa bonificación potestativa de ata o 95% no IAE para supostos declarados de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, estableceranse os seguintes tramos:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

As medidas de carácter fiscal comprometidas deberán manterse cando menos tres exercicios orzamentarios.

Especificándose na ordenanza fiscal os requisitos que determinan o concepto “implantación dunha nova actividade” e “ampliación das instalacións” e debido á dificultade da determinación do concepto “creación de emprego” especifícanse na ordenanza fiscal con detalle os requisitos para determinar que existe a devandita circunstancia. Así mesmo, e debido a especificidade da materia, encoméndase a comprobación dos requisitos ao Servizo de Desenvolvemento Local, en concreto dende o Cei Nodus, e de ser o caso, someter ao Excmo. Concello Pleno a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

Correspondendo ao servizo de Facenda Local a tramitación da correspondente bonificación e de non cumprirse os requisitos de mantemento de emprego durante o período de bonificación, a correspondente regularización tributaria.

Todo elo en virtude dos artigos 12 e do artigo 88.2 e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no que se establece que os concellos mediante ordenanza fiscal poderán establecer unha bonificación potestativa de ata o 95 por cento da cota do imposto sobre actividades económcias correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Correspondendo devandita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

En virtude do artigo 12.1 Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora da facendas locais, que establece que a xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais realizarase de acordo con o prevido na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

E en virtude do apartado dous do mesmo artigo no que se establece que a través das súas ordenanzas fiscais as entidades locais poderán adaptar a normativa a que se refire o apartado anterior ao réxime de organización e funcionamento interno propio de cada unha delas, sen que tal adaptación poida contravir o contido material da devandita normativa.

En virtude do exposto, e de conformidade co disposto no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, engadido por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e artigo 49 do mesmo corpo legal, e artigo 17 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a tramitación axustarase ao seguinte procedemento:

PRIMEIRO.- Someter a aprobación á Xunta de Goberno Local os proxectos de modificación de determinadas Ordenanzas fiscais

Como trámites previos deberán recabarse o ditame do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo e os informes da Secretaria xeral do Pleno e do Interventor xeral municipal.

SEGUNDO.- De seren aprobados os devanditos proxectos, elevaranse ao Excmo. Concello Pleno para a súa aprobación inicial por maioría simple.

TERCEIRO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello, durante o prazo de trinta días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo inicial de non se presentaren reclamacións a este durante o mencionado período.

CUARTO.- De terse presentado reclamacións, estas deberán valorarse pola Xunta de Goberno Local, que decidirá se modifica ou mantén o texto inicial, con carácter previo á resolución polo Pleno das reclamacións presentadas e aprobación da redacción definitiva das modificacións propostas das Ordenanzas fiscais.

Deberá publicarse o texto integro das ordenanzas definitivamente aprobadas ou da súa modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e editarse o texto íntegro das ordenanzas fiscais dentro do primeiro cuadrimestre do exercicio económico correspondente.

Asinado dixitalmente por Isabel Carbonés Bosch, Xefa do Servizo de Facenda Local co conforme da Asesoría Xurídica (Manuel Louzao Aldariz), na data que se indica á marxe.